GUÍA

Exportación e importación de preguntas de Claroline a Moodle



Universidade Vigo

Táboa de contido

Introdución 2
Exportar preguntas de Claroline 2
Importar as preguntas a Moodle 4
Banco de preguntas 4
As categorías en Moodle 5
Importar preguntas 6
Editar preguntas e vista previa 7
Diferenzas e aspectos a ter en conta na migración de preguntas a Moodle 8
Contacto 10

Introdución

A presente guía ten por obxectivo explicar o procedemento para exportar preguntas de Claroline e importalas a Moodle.

MOI IMPORTANTE: só se poden exportar preguntas de Claroline a Moodle. O cuestionario, coa súa configuración (datas, tempo de realización, número de tentativas etc.), non se pode exportar.

Exportar preguntas de Claroline

O primeiro paso para a exportación é acceder á materia en Claroline.
Tes dúas opcións para exportar as preguntas:

1. Exportar as preguntas de **cada cuestionario**. Neste caso para exportar as preguntas que están contidas nun cuestionario concreto da túa materia, tes que premer no botón que aparece na columna «Exportar a moovi»:



Na seguinte pantalla preme no botón «Exportar cuestionario»:



Este proceso pode tardar varios segundos, agarda a que remate. Xerarase un arquivo xml que debes gardar no teu PC.

2. Exportar **todas as preguntas** desa materia desde «Grupo de preguntas». Neste caso para exportar todas as preguntas do banco de preguntas da materia, tes que ir a «grupo de preguntas»:



Desde aí preme na opción superior «Exportar o banco de preguntas a Moovi»:

E, por último, preme no botón «Exportar banco de preguntas»:



Este proceso pode tardar varios segundos, agarda a que remate. Xerarase un arquivo xml que debes gardar no teu PC.

Importar as preguntas a Moodle

Banco de preguntas

Antes de explicar o procedemento de importación de preguntas a Moodle, é importante entender que nesta plataforma as preguntas almacénanse no «**Banco de preguntas**». O banco de preguntas, podes atopalo dentro da túa materia no menú de accións da dereita, premendo en «máis»:



Na seguinte pantalla aparece a opción do banco de preguntas:

As categorías en Moodle

En Moodle, as preguntas do banco organízanse en **categorías**. Unha categoría é simplemente unha agrupación lóxica de preguntas. Inicialmente en cada curso existe unha categoría co nome «Predeterminado/a para», pero pódense crear tantas como se queira, de xeito que todas as preguntas dun tema ou actividade queden almacenadas dentro dunha categoría. Isto facilitará a súa busca e recuperación de xeito rápido.

IMPORTANTE: a primeira recomendación é que xeres unha (ou varias) categorías para despois importar dentro as preguntas de Claroline.

Para crear unha categoría, no banco de preguntas selecciona a ligazón «Categorías». Na parte superior verás, polo menos, listada unha categoría co nome «Predeterminado/a para: *nome curto do curso*» (onde nome curto do curso é o código do curso), e a continuación entre paréntese o número de preguntas que contén a citada categoría. Se non se crean novas categorías, todas as preguntas pertencerán á categoría predeterminada.
Para crear unha categoría, vai a «Engadir categoría», indica cal será a categoría principal na que se creará, escribe un nome e preme en «Engadir categoría»:



Importar preguntas

Unha vez creada a categoría, importa as preguntas do cuestionario (ou do banco completo) dentro desa categoría. Desde a pestana «Preguntas», en «Seleccionar unha categoría» escolle a categoría na que vas importar as preguntas e logo preme na pestana «Importar»:



MOI IMPORTANTE: na seguinte pantalla, en formato de ficheiro escolle «**Formato XML de Moodle**», xa que se escolles outro formato non vai importar correctamente as preguntas.

Arrastra á sección «Importar preguntas do ficheiro» o arquivo XML que descargaches de Claroline e preme en «Importar»:

Feito isto, verás unha vista previa das preguntas. Confirma que está ben para completar a importación.

Editar preguntas e vista previa

Se vas a pestana «Preguntas» e seleccionas a categoría na que importaches as preguntas, tes a opción de editar a pregunta ou ter unha vista previa:



IMPORTANTE: unha vez que tes o teu banco de preguntas correctamente cargado en Moodle, o seguinte paso será **crear o cuestionario** correspondente na páxina principal do curso. Sobre a creación de cuestionarios, recomendamos a lectura da *Guía de creación de cuestionarios en MooVi*, que se pode descargar nesta páxina: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/show/guia-cuestionarios-moovi

Diferenzas e aspectos a ter en conta na migración de preguntas a Moodle

Na migración de preguntas de Claroline a Moodle, debes ter en conta algunhas cuestións que ou ben non se poden migrar igual ou ben non funcionan en Moodle debido a incompatibilidade de formatos entre as plataformas.

- As preguntas de Claroline que teñen un «**Arquivo engadido**»:
  - se o arquivo é un **PDF**, en Moodle o que fai é converter cada páxina do PDF a unha **imaxe** que se abre na propia pregunta en Moodle.



- se o arquivo axunto é unha **imaxe** (png, gif ou jpg), si que a inclúe na descrición da pregunta, pero non como axunto.
- se o **arquivo** é un .doc, powerpoint, excel etc. **non o inclúe**. Neste caso tes que editar a pregunta e axuntar o ficheiro desde o editor de Moodle.



IMPORTANTE: na exportación de preguntas de **encher ocos** de Claroline a Moodle, sempre as exporta coa opción de «lista despregada», aínda que a pregunta en Claroline fose do tipo «**Cubrir os campos de texto**». Os valores asignados a cada oco tampouco os colle en Moodle, asigna 1 punto sempre.

- As **imaxes** incluídas nas descricións das preguntas, importa os formatos png, jpg e gif. Non obstante, revisa que as imaxes se importaron correctamente.
- Os elementos **multimedia** inseridos nunha pregunta non os exporta. Neste caso tes que editar a pregunta e inserir o elemento a través da icona multimedia do editor de Moodle:



- As **fórmulas** en látex na descrición das preguntas poden importarse a Moodle, se ben é aconsellable revisar que as importou correctamente.

Contacto

En caso de dúbidas ou incidencias durante a importación ou exportación, contacta con soporte.moovi@uvigo.gal